



## RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

**Asunto:** Convocatoria da Xunta de Goberno Local para o 17.08.2026

Don **Manuel Vázquez Faraldo**, alcalde do Concello de Miño, de conformidade co establecido no artigo 112 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, o artigo 130 e seguintes do Regulamento orgánico do Concello de Miño e ao abeiro do previsto no artigo 46.3 LRBRL, **RESOLVO**:

PRIMEIRO E ÚNICO.- Convocar a sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do Concello de Miño, que terá lugar o día 17 de agosto de 2026 ás 14:30 horas no salón de sesións da casa do concello, e fixar a seguinte orde do día:

**1. Ratificación da urxencia**

**2. Aprobación da acta da sesión anterior:** sesión extraordinaria e urxente do 07.08.2026

**3. Tarxetas de estacionamento para persoas con discapacidade**

**3.1. Expediente número 2026/V006/000017.** Corrección de erros de renovación da tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade de E.A.V.

**4. Contratación**

**4.1. Expediente número 2026/C003/000010.** Aprobación do expediente de contratación para a adxudicación do contrato de obra “Mellora das rúas Cobo e Loios”

**4.2. Expediente número 2026/C003/000006.** Declaración de deserto do procedemento para a adxudicación do contrato de obra “Ampliación da rede de saneamento en Bollo e EDAR”

A documentación estará á disposición das concelleiras e concelleiros a través do portal de cargos electos da sede electrónica do Concello de Miño.

Miño, na data da sinatura dixital

O alcalde

Manuel Vázquez Faraldo

Dou fe. O secretario municipal

David Veiga Sierra